

1º E.S.O. B

**Revolucionarias
silenciadas**
Mulleres que fixeron
historia

2011

"Toda muller debería sentirse avergonzada ao pensar que é unha muller."

(San Clemente de Alejandría, s. II)

"Tal é a estupidez do carácter da muller que en todas as cuestións lle incumbe desconfiar de si mesma e obedecer ao marido."

(Confucio, 551-479 a C)



"Muller, deberías ir vestida sempre de loito e farrapos, presentándote como unha penitente anegada en bágoas, para redimires así o teu pecado de perder ao xénero humano. Ti es a

porta do inferno, ti fuches a que rompeu os selos da árbore vedada: ti a primeira que violaches a lei divina, ti a que corrompiches a aquel a quen o diaño non se atrevía a atacar de fronte; ti, finalmente, fuches a causa de que Xesús morrese." (Tertuliano ,150-230)

Cómpre preguntármonos: que confianza e seguridade podía ter unha nena en momentos históricos nos que se proclamaban barbaridades sobre as mulleres como as que acabamos de ler?

A muller, ao contrario có home tivo que ir loitando por lograr os seus dereitos ao longo da historia. Na maioría das culturas, as mulleres foron sometidas a estruturas patriarcais que lles negaron os dereitos humanos máis fundamentais.

As leis antigas e os sistemas tradicionais, coma o cristianismo e o islamismo, antecedentes dos sistemas modernos, provocaron a dependencia da muller.

As vidas destas mulleres non foron outra cousa que pequenos episodios revolucionarios vetados pola inseguridade dos varóns do seu tempo.

A Idade Media (s. V–XV)

Desde o s. V ata a caída de Constantinopla, no s.XV hai unha serie feitos que cómpre coñecer:

- 1) O trunfo e expansión da Igrexa Católica en todos os ámbitos: políticos, sociais e económicos.
- 2) Imposición do réxime feudal como sistema predominante na sociedade medieval.
- 3) As Cruzadas: Expedicións encamiñadas á recuperación dos Santos Lugares, particularmente Xerusalém e Terra Santa.
- 4) A expansión árabe: Con Mahoma, a relixión islámica busca difundirse e impoñerse, formando un gran imperio.

A partir do s. XII en Europa prodúcese un importante número de inventos, o que supuxo a transformación dos medios de produción tradicionais e o crecemento económico. Inventouse o gravado, a pólvora, a lente, os reloxos e o astrolabio.

O primeiro documento escrito sobre un muíño de vento é de 1185 en Yorkshire, Inglaterra.

No paso do século XII ao XIII, consolídase un novo sistema social baseado nos burgos e redefínese o mapa político de Europa, onde os reis pesarían cada vez máis, fronte aos señores feudais.

A muller na Idade Media

Na lei medieval, a muller é considerada inferior ó varón, dependerá del ata tal punto que a muller alcanza protección cando ten relación co varón que exerce a tutela do sexo feminino.

A muller está sometida á tutela dos pais, irmáns ou parentes, daquela é indispensable o seu permiso para poder contraer matrimonio e, entón a tutela exerceraa o

seu home.

A partir do s. XII, incrementase a participación das mulleres na vida espiritual e intelectual como oíntes, lectoras, mecenas e tamén como donas e transmisoras de grandes herdanzas, en tanto que viúvas e titoras.

Sen embargo, as mulleres seguen sometidas á hexemonía masculina.

Desde o s.V, dous filósofos recoñecidos encárganse de sementar o desprezo á condición feminina:

San Agustín, advirte aos homes que falen: "*[...] pouco e con severidade ás mulleres. Non se ha desconfiar menos das que son menos virtuosas, porque canto maior é a virtude, tanto maior é a inclinación, e baixo o engado da súa palabra agáchase o virus da maior lascivia*".

Aristóteles, afirma que "*a natureza só fai mulleres cando non pode facer homes (...) e é que a femia é como un macho mutilado, e as menstruacións son esperma, aínda que non puro, pois non lles falta máis ca unha cousa, o principio da alama (...). A femia é femia por unha certa impotencia (...)*".

Para San Pablo "*as mulleres deben permanecer caladas nas igrexas, pois non lles corresponde a elas falar, senón vivir sometidas, como di a Lei*".

Nas Partidas de Afonso X recóllense as seguintes citas:

- Testiguar non pueden en los testamentos, aquellos que son condenados por sentencia, (...) assi como por furto, o por homicidio, o por otro yerro semejante destes, (...) Nin otrosi, ninguno de los que dexan la Fe de los Christianos, e se tornan Moros, o Judios,(...) Nin las mugeres, nin los que fuessen menores de catorce


años. Nin los siervos. Nin los mudos. Nin los sordos. Nin los locos, mientras que estovieren en la locura.”

Exclusión das mulleres da testificación, (Partida VI),

- “Al que se le confiessa si fuere muger deve la castigar, que se asiente a un lado del confessor, e non muy cerca, nin delante: mas de guisa, que la oyga, e non le vea la cara. Porque la cara de la muger, es assi como llama de fuego que quema al que la cata. Onde el clerigo que se deve guardar de non fazer yerro con las mugeres, (...) non le ver la cara nin otra cosa: porque aya de moverse a errar.

Como deben situarse as mulleres na confesión, (Partida I)

Exeria



Orixinaria da provincia romana hispana de Gallaecia no s. IV

Considerada a primeira viaxeira e escritora de fala hispana.

Sobre Exeria sabemos pouco, só o que se deduce da súa obra *Itinerario*: parece ser que era unha monxa ou quizais unha devota viúva, de alta clase social, culta -tiña coñecementos de grego e literatura e era gran lectora do Antigo e Novo Testamento-, curiosa, intrépida, audaz, forte e moi rica, pois doutra maneira probablemente nunca podería emprender a viaxe.

Era unha muller que parece que pertencía a unha familia importante (a do emperador Teodosio I) porque durante o seu percorrido foi recibida por bispos, monxes e, ao atravesar zonas perigosas era escoltada polos soldados, o

que indica que posuía un salvoconduto que lle garantía a seguridade na viaxe.

A súa primeira viaxe foi a Xerusalén no (381) para o que tivo que percorrer 8.000 km., a pesar das críticas que recibía por parte de sectores que non vían ben que unha muller soa viaxase polo mundo disfrutando dunha liberdade descoñecida para o sexo feminino, Coñecerá Exipto e, antes de volver á súa terra, visitará Antioquía, Mesopotamia e Siria. Como non se lle permite a entrada a Persia, onde non se lle permitiu a entrada decide regresar a Galicia despois dun percorrido tres anos.

Non se sabe se logrou regresar a Galicia ou se enfermou e morreu nalgures ou se co deterioro do Imperio Romano e as invasións bárbaras os camiños fixéronse perigosos e nunca puido regresar.

Como escritora o seu estilo é árido, frío e pouco refinado –con moitas enumeracións de lugares, oracións, etc.– e cun rexistro informal que podería dar a impresión dunha Exeria inculta, se non fose porque houbo outras mulleres medievais moi cultas que aparentaron simplicidade para non seren criticadas polos seus contemporáneos.

A súa obra non se coñeceu ata que en 1884 un investigador a atopou na Biblioteca della Confraternità de Arezzo.

Ilduara Eriz



Lugo (Galicia): 886–958

Representante da elite aristocrática feminina galega ata o século X.

Unha das mulleres aristócratas galegas do seu tempo das que se conservan máis noticias. Nace nunha familia próxima ao poder –seu pai foi conde de territorios lucenses a fins do século IX por mandato real– e tanto el, Ero coma súa nai Adosinda, fundan o mosteiro de Chantada.

No 890 casa co conde Gutier Menéndez polo que pasa a vencellarse por parentesco coa monarquía. A unión de ambas familias supuxo a creación dun dos maiores patrimonios territoriais do reino de Galicia altomedieval (o Bierzo, León, Zamora, Lugo, costa galega, Asturias, Galicia meridional e norte de Portugal).

Froito desta unión naceron cinco fillos, de entre

todos eles destacou Rosendo, bispo da igrexa de Dumio e posteriormente santo. Como muller da súa época, dedicouse ás actividades da casa, pero tamén á lectura, o que lle conferiría un carácter instruído que lle permitía garantir o control dos bens materiais. No ano 912, o conde Gutier dooulle a metade dos seus bens, incluídos os futuros. Así que se lle recoñece a súa acertada administración e o sentido da xustiza no exercicio da súa autoridade.

Aínda que residiu algún tempo en diferentes lugares, será Vilanova dos Infantes onde se localiza a residencia principal da familia, e alí fundou co seu fillo Rosendo o mosteiro de San Salvador de Celanova (centro monástico de Galicia do século X), ao que Ilduara doou parte do seu patrimonio.


Grazas á súa formación cultural e o elevado o seu patrimonio, puido fundar o mosteiro de mulleres de Santa María de Vilanova, totalmente apartado do mosteiro masculino de Celanova, como predicaba a reforma levada a cabo polo seu propio fillo san Rosendo.

Ata ese momento, a capacidade de movemento da muller situábase nunha posición de equilibrio respecto ao home en cuestións como a herdanza e o matrimonio. Desde ese punto de

vista, Ilduara Eriz puido gozar desta condición igualitaria ao longo da súa vida, malia que é certo que chegada a viuvez retirouse ao mosteiro feminino de Santa María de Vilanova, Muller de fonda relixiosidade, fundou comunidades monacais ás que fixo grandes regalías e que foron o alicerce do monacato galego impulsado polo seu fillo. Foi venerada polo pobo dada a súa bondade e misericordia e acabou retirándose dos asuntos mundanos nun dos mosteiros que fundara, acatando o novo modelo monástico que introducía a idea da muller como sexo débil e de mente inestable.

Finada xa, enterrouse no mosteiro de San Salvador de Celanova, ao que non puido acceder senón despois de morta, como así o establecía a norma, por petición do seu fillo san Rosendo.

Hildegard von Bingen



Alzey –Hessen do
Rhin– (Alemaña)
1098– Convento de
Rupertsberg 1179.

Única muller á que
se lle recoñeceu
autoridade en
materia de doutrina
cristiá.
Será a promotora da
igualdade de sexos.

Hildegard Von Bingen é sen dubida unha das mulleres máis extraordinarias da Idade Media europea, sendo a primeira e única muller autorizada pola Igrexa a predicar.

Ingresa na orde beneditina moi nova e con trinta e oito anos asume a dirección do convento.

Alcanza un enorme prestixio cando bispos, sacerdotes, abades, monarcas, Papas e cabaleiros manteñen con ela correspondencia sobre temas variados, ben relixiosos ou éticos, mostrando a súa admiración e respecto, algo inaudito para unha muller na Idade Media.

Tal é así que, foi quen de desafiar á Igrexa ao atacar a cotío os seus costumes e denunciar a súa corrupción. Pese a isto, nunca houbo represalias, agás por un incidente motivado ao dar sepultura en Ruperstberg a un mozo excomungado. Entón a Igrexa rompeu prohibiulle seguir facendo música, aínda que posteriormente sería perdoada.

Hildegard foi unha adiantada da súa época que escribiu trece libros nos que defendía a igualdade das mulleres e dos homes. Na súa loita pola equiparación dos sexos, visualizou o acto sexual como unha unión espiritual que ía máis alá da procreación, manifestaba a importancia da gratificación sexual para as mulleres e describirá a Deus con atributos de muller... Algo revolucionario para a época!

Tamén se atreveu a denunciar a atrocidade das guerras alegando que *“o verdadeiramente manchaban eran as guerras e non a menstruación feminina”*.

O Papa Juan Pablo II recoñeceuna como “muller santa” e Benedicto XVI anunciou, en 2012, a súa decisión de lle outorgar o título de Doutora da Igrexa.

HILDEGARD VON BINGEN, MULLER DO SÉCULO XII, DEFENSORA DOS DEREITOS E VALÍA DA MULLER.

Leonor de Aquitania



Poitiers (Francia)
1122-1204

Raíña de Francia (por casar con Luís VII), raíña de Inglaterra (ao casar con Henrique II) e rexente do trono inglés cos seus fillos Ricardo “Corazón de León” e Juan “Sen Terra”.

Leonor foi unha das mulleres máis excepcionais da historia e da Idade Media ao loitar pola súa dignidade e polos seus intereses: Quería desempeñar un papel importante nos asuntos do reino ao asumir persoalmente o goberno de un dos estados máis poderosos, ricos, cultos e exquisitos de Europa, onde se inventou a poesía provenzal – seu pai, Guillerme IX, tiña o alcume de “O trobador”–.

Casa con Luís VII de Francia pero logo recoñece que el non está capacitado para ser

rei. Ela séntese unha muller libre, cun extraordinario patrimonio e intelixente, sabe que na sociedade na que vive é mellor ter un home ao lado e propónse volver casar e faíno con Henrique II de Inglaterra.

Co tempo maniféstase en contra da maneira en como o rei leva certos asuntos. A ela gústalle mandar e convence aos seus fillos para que vaian contra o pai.

Arredor dela xorde unha lenda negra alimentada polo paso dos séculos e a multitude de elucubracións feitos en relación ao seu comportamento e ao seu aspecto físico. A igrexa mirábaa con desconfianza era *“unha muller fermosa e por iso sospeitosa de calquera acción contra os homes”*

Leonor de Aquitania mandou sobre homes toda a súa vida e converteuse en símbolo colorido da muller ideal do século XII e estes cambios de costumes que introduce escandalizan a todos.

María Balteira

María Pérez



Betanzos
(Galicia) s.
XIII

Soldadeira
medieval,
paradigma
dos vicios e
transgresora
do que unha
sociedade
con dobre
moral
condenaba

María Balteira viviu nun tempo no que a muller só podía elixir entre practicar o amor santo no claustro ou no matrimonio. O pracer estaba lonxe e só como soldadeira podía gozar dos praceres mundanos pagando o prezo de certa marxinalidade. E foi este oficio –próximo á prostitución– o que escolleu unha muller fidalga e dona de bens de seu.

Sabemos dela polas cantigas de escarnio que frecuentou as cortes de Fernando III o Santo e Afonso X o Sabio; que participou nunha cruzada

e mantivo relacións cos mouros da familia Beni Escallola. A ela dedícanlle dez composicións descorteses (burlescas) varios trovadores (Pedro Amigo de Sevilla, Pedro de Ambroa, Pero da Ponte e o propio Afonso X o Sabio).

É retratada como ladroa, blasfema, promiscua, amiga de romper leis e costumes: "*de boca xuradora, practicante do tiro con bésta en competición cos homes, xogadora de dados, trampulleira no xogo, libre no xeito de xacer con cregos, escolares, xograres, etc., transmisora de doenzas venéreas e supersticiosa.*" Sempre existirá a dúbida sobre que datos das cantigas responden á súa auténtica biografía porque estas son a visión do imaxinario masculino da época, cheo de prexuizos machistas, a cimbrar entre a veneración ás santas e a obscenidade ás soldadeiras.

Mais a lenda desta muller traspasa os séculos e segue inspirando a autores e autoras dos nosos días que a ven como unha avanzada do *carpe diem*, leda e gozadora, e tamén como modelo de liberdade nas ríxidas normas coas que o sistema patriarcal marcou sempre o territorio feminino.

É María Balteira a excepción dun conxunto de mulleres pertencente a unha nación, Galicia, cunha marcada tradición artística feminina, desde as *amigas* das Cantigas de Amigo ata a "meniña gaiteira", de Rosalía de Castro.

Nada se sabe do lugar e data da súa morte e soterramento pero hai un diploma de 1257, no

que se recolle que "*dona María Pérez cede unha rica herdade da súa nai aos monxes cistercienses de Sobrado, a cambio dunha renda vitalicia que ha cobrar na súa casa de Armeá (Coruña). Dona María debe facer servizo ao mosteiro 'así como familiar e amiga', e á súa morte os monxes levarana a Sobrado nun ataúde cuberto de tres varas de estanforte vermello, e daranlle dó cumprido de familiar*". Pero non se atopa ningunha referencia de se, cumpriu ou non a devandita manda.

As súas arelas de liberdade e os prexuízos do seu tempo fixeron que aparecese como paradigma de todos os vicios.

María Castaña



Lugo (Galicia),
século XIV.

Heroína galega
por liderar una
revolta en Lugo
contra o poder
eclesiástico.

De orixe humilde, María Castaña, era unha muller labrega que viviu nas terras de Lemos e Quiroga, na provincia de Lugo.

A súa época estivo marcada polas pestes, a fame e as mudanzas no agro; así como polas continuas loitas (máis de vinte anos), destrucións, incendios e roubos e, cando por fin chega a paz, os novos señores impoñen novas contribucións para se enriquecer e, pola contra, abafar ao campesiñado.

Esta maneira de actuar produciu una revolta popular en 1386 contra o bispo de Lugo, Fr. Pedro López de Aguiar, encabezada por María Castaña, entre outras mulleres, como aparece recollido nun arquivo episcopal onde se di que

“María Castaña muller de Martín Cego, Gonzalo Cego e Alfonso Cego, confesan ter feitas moitas inxurias á Igrexa de Lugo e que mataron a Francisco Fernández, mordomo do bispo. E que para satisfacción destes delitos doan á catedral todas as herdades que tiñan no couto de Creisa (Lemos) e obríganse a pagar mil marabedís de moeda usual, xurando que non farían dano endexamais á Igrexa de Lugo, senón que antes axudarían ós recadadores da igrexa e do bispo”.

Popularmente, a expresión de *“En tempos de María castaña, de Maricastaña...”* pasa a ser de uso popular en relación a tempos remotos equivalente a outras doutras culturas. Pero tamén hai quen pensa que é unha figura equivalente a Brancaflor, filla máis nova das tres que tivo o demo.

Cristina Pisan



Venecia (Italia)
1364– Francia
1434

Primeira muller
escritora
profesional e
xérmolo do
feminismo.

Cristina de Pisan naceu nunha familia achegada á Corte xa que seu pai –médico e astrólogo– acadou gran estima na Francia de Carlos V a onde se trasladará toda a familia.

Muller culta, valente, solidaria e de talento, participa do pensamento igualitario que cos séculos se chamará feminismo.

Aos quince anos casa cun secretario do rei pero trala morte do pai e do marido, Cristina con só vinte e cinco anos debe sacar adiante á nai e os tres fillos. Comeza a escribir tanto prosa coma poesía de diversa temática (escribiu máis de 300 baladas e innumerables poemas curtos).

En 1409, Pisan xa escribira as súas novelas *A cidade das damas* (recolle a contribución da muller á sociedade para o que crea unha cidade simbólica na que a muller é apreciada e defendida) e *O tesouro da cidade das damas* (onde mostra á muller como contrarrestar a misoxinia crecente).

Consciente da súa importancia e intelixencia, participa activamente na comunidade intelectual y literaria do seu tempo. En 1401 participa dun debate no que se mostra a súa preocupación pola posición da muller na sociedade ao rexeitar o poema de amor *O Romance da Rosa*, no que se retrata á muller como simple sedutora. Será o primeiro caso claro da historia europea na que unha muller escribe contra as calumnias que toda muller levaba soportando ao longo do tempo.

Cristina sostén que os estereotipos femininos só se dan en casos en que non se lle permite á muller entrar na conversa masculina.

Enfrontouse aos estereotipos misóxicos da época e, trala súa morte, a vida das mulleres cambiara desde o inicio da Idade Media, pero non para mellor.

O traballo de Pisan recobra pulo grazas a estudosos que a consideran unha feminista incipiente, por expresar cunha linguaxe eficaz que a muller podía ter un papel importante na sociedade.

Idade Moderna (s. XVI–XVIII)

O s. XVI foi o momento en que se venceu o Mar Tenebroso (Atlántico) coa axuda da técnica: cartas de navegación, a astronomía náutica, o compás mariño, a sonda para navegar en augas pouco profundas e o reloxo de area para estimar a velocidade do barco

O mundo da cultura, da arte e do pensamento non quedou á marxe de transformacións: novas formas culturais –o **humanismo**–, e relixiosas – a crise relixiosa da reforma– sen esquecer a evolución da arte.

A monarquía hispánica chega a se converter no imperio máis poderoso do mundo durante os reinados de Carlos I e Felipe II, enfrascados en dúas fronteas de expansión –a europea e americana– onde se empeñaron en cambiar as antigas culturas precolombinas, para crear a América hispana.

- Leonardo da Vinci pinta *A Mona Lisa* .
- Morre Cristóbal Colón
- Miguel Ángel pinta os frescos da Capela Sextina.
- Francisco de Orellana descobre o río Amazonas
- Publícase “*O Lazarillo de Tormes*.”
- O Papa Gregorio XIII crea o Calendario Gregoriano en substitución do Calendario Xuliano que creou Xulio César.

No s.XVII a poboación sofre un estancamento demográfico debido aos andazos, as guerras e hambrunas, ao tempo ca migracións. Foi unha época de grandes conflitos sociais porque os impostos sempre recaían sobre os menos privilexiados o que fixo aumentar as diferenzas sociais. Daquela o século remata con grandes crises económicas en

Europa. E España padece unha fonda crise económica ao debilitarse a burguesía e crecer sectores sociais improditivos como a nobreza e clero.

Portugal independízase en 1668 con Xoán IV como rei.

No referente á cultura, España vive unha época de auxe sen precedentes, iniciándose o chamado **Século de Ouro** da cultura española. Destacan escritores como Cervantes, Quevedo, Góngora, Calderón de la Barca, Lope de Vega. Galicia, pola contra, carece de literatura culta e o galego pasa a ser unha lingua ruralizada e oral.

Este século vén marcado pola descuberta de: o telescopio, o barómetro, o reloxo de péndulo, o cálculo integral, a ola a presión, a máquina de sumar mecánica, a electricidade estática, a circulación do sangue e a lei da gravidade.

O s. XVIII, chamado Século das *Luces*, debido a que durante o mesmo xurdiu o movemento intelectual coñecido como Ilustración. Incorpórase a liberdade como facultade do ser humano, así como a xustiza e a igualdade. Este cambio social foi acompañado polo desenvolvemento de novas formas de organización da sociedade.

Entre as descubertas desta época:

- Inicio da Revolución industrial (máquina de vapor, lanzadeira volante).
- Obtense o aceiro fundido.
- Antoine Lavoisier funda a Química moderna.
- Imponse a teoría de la gravitación universal.
- Aparecen as ecuacións de Newton.
- Desenvólvese o cálculo infinitesimal.
- Euler abre a nova rama da matemática, como o cálculo complexo,...

- Crease o pararraios
- Realízanse os primeiros estudos modernos sobre meteoroloxía.
- Comeza a rexistrarse datos climáticos.
- Realízanse expedicións polo mundo; afiánzase o coñecemento xeográfico.
- Catalóganse as especies naturais.
- Fúndase a bioloxía moderna.
- Realízase a primeira medición aproximada da velocidade da luz.
- Aparece a primeira vacina moderna, contra a viruela.

A muller na Idade Moderna

Os moralistas do s. XVI esbozaron a súa versión da muller ideal: debe ser pura, honesta e voluntariosa para o que se apropiaron de descrições misóxinas de Luís Vives (1523) quen manifestou que calquera trasgresión dos papeis era considerada un ataque ás institucións da familia, sociedade e relixión e sería sancionado con castigos corporais ou penitencia.

A obra de Fr.Luís de León (*A perfecta casada*) é un compendio da doutrina sobre o lugar social asignado á muller.

- *“Porque cosa é tan pouco ser coma é isto que chamamos muller, nunca nin emprende nin alcanza cousa de valor nin de ser. E como o home, ser dotado de entendemento e razón, (...) a muller non é loable por ser honesta, canto é torpe e abominable se non o é.*
- *“Que é dicir que ha estudar a muller: meterlle en noxos e coidados, senón en liberarlle deles e en serie perpetua causa de alegría e descanso.*
- *O oficio natural da muller, e o fin para que Deus a creou,*

é para que sexa axudadora do marido, e non a súa calamidade e desventura; axudadora, e non destruídora. Para que alivie dos traballos (...) e non para engada novas cargas.”

- *“... a muller non ha de andar fóra nunca ... porque os seus pés non son para rodear os campos e as rúas (...) Pois se é por natural oficio garda de casa, como se permite que sexa visitadora e vagabunda? (...)visitando as rúas corrompen os corazóns alleos e amolan as almas dos que as las ven (...)*
- *“que por máis áspero e de feras condicións que o marido sexa, cómpre que a muller o soporte”.*

A mediados do s. XVII cuestiónase o símbolo do autoritarismo de pais e maridos, xa que as novas ideas da Ilustración impulsaron a educación –medio para alcanzar a felicidade e o progreso–. O interese pola divulgación do coñecemento abarcou tamén ao sexo feminino incluíndo artigos nos que se propoñía un cambio na instrución das mulleres, para ser así mellores compañeiras e formar mellores fillos.

Enrique Gacto:

Establécese que a educación e coidado dos fillos eran realizados polas nais ata os 7 anos. Chegada esta idade, encomendábase ao varón á educación paterna: a severidade e a disciplina eran os métodos máis estendidos para transformalo nun ser útil e cristián responsable (...). Ás nenas mantiñaselles baixo a tutela da nai para a súa socialización en actividades adecuadas como futuras boas esposas. Non se consideraba importante que aprendesen un oficio, nin que soubesen ler ou escribir. Só as nenas de status máis alto tiñan o privilexio de ter un preceptor na casa, a maioría delas non podían aspirar a tales cuestións.

Onde a limitación da capacidade xurídica da muller atopa a prohibición de desempeñar cargos que leven aparellada xurisdición e calquera oficio público, (...)de avogado e o de procurador, profesións que non poden practicar porque, segundo a lei "*cando as mulleres perden a vergonza é cousa forte escoitala ou contender con elas*"

Declaración Dos Dereitos Da Muller e Da Cidadá

(Olympe De Gouges-1791)

PREÁMBULO

As nais, fillas, irmás, piden que llelas constitúan en asemblea nacional por consideraren que a ignorancia, o esquecemento ou o desprezo dos dereitos da muller son as únicas causas dos males públicos. Resolven expoñer os dereitos naturais, inalienables e sagrados da muller. En consecuencia, o sexo superior tanto en beleza como en valor, recoñece e declara, os Dereitos seguintes da Muller e da Cidadá

ARTÍGO I

A muller nace libre e permanece igual ao home en dereitos.

ARTIGO II

O obxectivo de toda asociación política é a conservación dos dereitos naturais da Muller e do Home; estes dereitos son a liberdade, a propiedade, a seguridade e, sobre todo, a resistencia á opresión.

ARTIGO VI

(...) Todas as cidadás e cidadáns, por seren iguais aos seus ollos, deben ser igualmente admisibles a todas as dignidades, postos e empregos públicos, segundo as súas

capacidades e sen máis distinción cás das súas virtudes e talentos.

ARTIGO XV

A masa das mulleres, agrupada coa dos homes para a contribución, ten o dereito de pedir contas da súa administración a todo axente público.

EPÍLOGO

Muller, esperta; o rebato da razón faise oír en todo o universo; reconece os teus dereitos. O potente imperio da natureza deixou de estar rodeado de prexuízos, fanatismo, superstición e mentiras. O facho da verdade disipou todas as nubes da necidade e a usurpación. O home escravo redobrou as súas forzas e necesitou apelar ás túas para romper as súas cadeas. Pero unha vez en liberdade, foi inxusto coa súa compañeira. Oh, mulleres! Mulleres! Cando deixaredes de estar cegas? Que vantaxes obtivestes da Revolución? Un desprezo máis marcado, un desdén máis visible... Que vos queda entón?, a convicción das inxustizas do home. A reclamación do voso patrimonio, fundado sobre os sabios decretos da natureza; que teriades vós que temer dunha tan nobre empresa, acaso as boas palabras do lexislador das Vodas de Canaán? Credes aos nosos lexisladores franceses, correctores desa moral longo tempo vixente, pero xa trasnoitada, cando nos repiten: mulleres, que hai de común entre nós e vós? Todo, teriades que responder. Se eles se obstinan, na súa debilidade, colocando esta inconsecuencia en contradición cos principios, opoñede valorosamente a forza da razón ás súas vas pretensións de superioridade, unídevos baixo o estandarte da filosofía, despregade toda a enerxía dó voso

carácter, e veredes logo a estes prepotentes, os nosos servís adoradores arrastrándose aos vosos pés, pero orgullosos de compartir connosco os tesouros do Ser Supremo. Calquera sexan as barreiras que se vos opoñan, está no voso poder derribalas, só tendes que querer.

María Mayor Fernández de Cámara y Pita *María Pita*



A Coruña (Galicia)
1556–Cambre 1643

Figura de relevancia
social-patriótica e
recoñecida pola
monarquía.

María Pita é a heroína coruñesa por participar na defensa da cidade fronte a unha flota inglesa comandada por Drake en maio de 1589.

Hai documentación que acredita a participación de mulleres na defensa da cidade cando se ve cercada pola flota inglesa comandada polo pirata Drake en 1589. María Pita derriba ao abandeirado inglés acendendo entón aos defensores e forzando a retirada dos asaltantes pero será aquí onde morra o seu segundo marido, Gregorio Rocamonde. Este feito lévaa a solicitar unha recompensa polos servizos

prestados e elabora diversos memoriais respecto da súa actuación nos feitos. Tras dúas viaxes á Corte en (1596 e 1606) logrará mercés reais.

María Pita catro veces pero do seu último matrimonio, co escudeiro da Real Audiencia de Galicia Gil de Figueroa, terá dous fillos, Xoán e Francisco Bermúdez de Figueroa, que herdarán a condición fidalga de seu pai e numerosos conflitos pola propiedade e o uso de xurisdición do couto de San Pedro de Lendoño.

Esta circunstancia e os numerosos conflitos aos que fixo fronte ao longo da súa vida, explica que chegasen ata nós un total de 35 procesos xudiciais referidos a ela e á súa familia inmediata e por todo tipo de asuntos (demandas de bens, cobro de débedas, querelas por inxurias e ata unha acusación de asasinato que provocaría o seu desterro da cidade en 1596).

Pero todos estes litixios serviron para forxar unha imaxe da heroína como muller preiteante e aguerrida.

Cando falece deixa unha vida extraordinariamente longa e atractiva. Na súa partida de defunción consta que fixera testamento e que nel ordenaba que a enterrasen no convento de San Domingos da Coruña, onde tamén se encontraban os restos do último dos seus esposos, pero ata hoxe aínda non puido ser localizada a súa sepultura.

Isabel Barreto



Pontevedra
(Galicia) 1567–
Perú 1612

Primeira e única
muller almirante
da armada
española

Muller culta por nacer no seo dunha familia nobre, herdará de seu pai –gobernador das Indias Portuguesas– o espírito aventureiro e o carácter forte. Cando parte cara a Perú, atópase cun clima social perfecto para as súas arelas de grandeza e autonomía.

Ao casar con Álvaro de Mendaña – navegante e explorador– en 1586 formarán unha parella influínte na sociedade. **Pero ela non se conforma** coas prebendas que lle outorga a súa clase social e a fama do seu marido, senón que se preocupa por atopar novas rotas de navegación para comerciar cos produtos codiciados por todo o mundo (sedas e especias do imperio chinés). O matrimonio parte nunha viaxe en busca das illas Salomón que cren atopar –pero serán as illas Marquesas– e conseguen que Felipe II lles garantice o dereito de gobernación e xustiza das mesmas.

Na viaxe Álvaro enferma e morre pero testa a favor da súa muller deixándolle os seus bens, nomeándoa gobernadora das terras e capitá do mar. Cando a tripulación mostra signos de cansazo e había risco de motín non se intimidou nin atemorizou, senón que adoptará unha actitude que o que **o cronista, Fernández de Quirós califica de “*intransixente e despótica, de carácter varonil, autoritaria, indómita, capaz de impoñer a súa vontade a todos os que estaban ao seu mando*”**.


Casará en 1596 con Fernando de Castro iniciando unha nova travesía polo Océano Pacífico cara a México desde onde navegan ata Arxentina.

Máis tarde deciden viaxar a España para reclamar na Corte os dereitos herdados do seu primeiro marido perdidos por presión de Fernando de Quirós.

Neste punto pérdense as noticias de Isabel... Hai quen di que morre en Perú e hai quen mantén que, xa enferma volve a Galicia...

A súa historia está á altura de Orellana e Magallanes. Foi unha muller de forte carácter que loitou contra os prexuízos e inconvenientes da época e ese inquebrantable carácter era tal vez a única defensa nun mundo concibido e dirixido por homes.

María Soliño



Cangas (Galicia), s.
XVII

Acusada de
bruxería polo
Santo Oficio.

No ano 1617 os piratas turcos– berberiscos tentaron desembarcar en Vigo e, ao atoparen unha forte oposición, foron cara a Domaio espoliando canto atopaban ao seu paso e deixando varios mortos na praia, entre os que se atopaban Antonio Soliño y Pedro Barba, irmán e marido de María Soliño.

Boa parte da poboación vivía das ganancias que xeraban a pesca e a salazón do peixe e ,tras o ataque, sen vivendas, e cos trebellos de pesca e barcos esnaquizados, Cangas sómese nunha crise económica que impide que os vasallos

paguen as rendas que os nobres esixen polo uso das terras.

Entre 1619 e 1628 numerosas mulleres de Cangas foron xulgadas polo Tribunal do **Santo Oficio** (Inquisición) por suposta "bruxería". Hoxe sabemos que aquelas desgraciadas, que acabaron confesando atrocidades á forza de espantosos tormentos, foron en realidade vítimas dunha invención dos inquisidores que actuaban en beneficio propio dado o empobrecemento xeral que seguiu a invasión turca de 1617. Para disimular este reprobable propósito, mesturaron mulleres "*pobres de solemnidade*" e mulleres con patrimonio, co único obxectivo de arrebatarlles os seus "Dereitos de presentación" -dereito que consistía en que os sucesores do fundador dunha igrexa podían participar dos beneficios que aquela xeráse en capelas e freguesías -. Foi este o caso de María Soliño, a máis famosa das supostas meigas, quen, ao enviuar, pasou a ser posuidora dun patrimonio consistente en una casa de pedra, varias veigas, una dorna e os *Dereitos* de Aldán e Moaña.

En 1621 é acusada pola Inquisición de gozar de poderes demoníacos e entregar a súa alma ao demo. O seu único delito foi andar soa e desesperada pola praia de noite.

Na súa confesión asegurou ser bruxa desde había máis de vinte anos e ter realizado actos nefandos co demo -que se lle aparecía en forma de home-, mentres proclamaba o seu arrepentimento, pois aseguraba xamais

renegara de corazón –só de palabra– *De Noso Señor*. Isto mostra o desespero anímico provocado polo suplicio consecuencia da terrible tortura física e psicolóxica.

En 1622 chegou a sentenza: foi condenada coa confiscación de bens.

As secuelas físicas do tormento nunha muller de setenta anos deberon ser importantes polo que faleceu pouco despois. Os seus restos foron enterrados lonxe do sagrado, polo que non se sabe nada de onde xace o seu corpo.

Aínda que non queda ningunha pegada física de María Soliño, permanece na memoria popular pola súa triste historia.

C. Emilio Ferreiro asina este poema, co que parece indicármonos que as xentes a lembran máis como pobre e desgraciada muller – reflexo de todos os sufrimentos do pobo– ca coma maléfica e perniciosa bruxa :

<p><i>Polos camiños de Cangas a voz do vento xemía: ai, que soliña quedaches, María Soliña.</i></p> <p><i>Nos areales de Cangas, Muros de noite erguían: Ai, que soliña quedaches, María Soliña</i></p>	<p><i>As ondas do mar de Cangas acedos ecos traían: ai, que soliña quedaches, María Soliña.</i></p> <p><i>As gaivotas sobre Cangas soños de medo tecían: ai, que soliña quedaches, María Soliña.</i></p> <p><i>Baixo os tellados de Cangas anda un terror de agua fría: ai, que soliña quedaches, María Soliña.</i></p>
---	---

Esta é unha historia, pero é a historia da vida, as clases máis poderosas sempre acaban facendo o mundo como queren e facendo que todos pensen o que a eles lles interesa aínda que mesturen fe con intereses materiais.

Francisca de Isla “Filis” “A perla negra” “Musa compostelá”

CARTAS FAMILIARES

DEL PADRE JOSÉ FRANCISCO DE ISLA

CARTA I

Escrita en Villagarcía, á 18 de enero de 1755, á su hermana.

Hija mía: Me dice Nicolás que no me escribes porque el día del correo te hizo quedar en cama para repararte de un constipado con que te regaló la precisión de pagar tus visitas de novia á cuerpo patente; y añade que seguirás esta tarea por todo el mes que corre; en lo que no sé si me querrá decir también que tampoco debo esperar carta tuya en todo este mes, porque quizá serán los constipados dije preciso de la gala. Esta relación no puede ser más natural; pero también puede ser muy natural que en ella no haya otra cosa de verdad, sino que no me escribes porque estás mala. Si el accidente es constipado ó es otra cosa, sábelo Dios y vosotros. Sea lo que fuere, me resigno en la voluntad del que no lo puede errar, sin que la conformidad se oponga á los efectos de la naturaleza, ni pueda tampoco embarazar los primeros. Estos fueron los que corresponden á quien tiene una sangre extremadamente volátil, un corazón de fuego y una imaginación de alquitrán; juntándose á eso el haberme cogido la noticia con una violenta fluxión á la mitad de la cara, garganta y pecho, que se irritó de repente, y me ha dado los días y las noches que se dejan discurrir. Esta fluxión no la cogí yo por pagar las visitas de novia, en traje de ceremonia; porque desde que vine de Santa Eufemia sólo he salido de mi celdilla á lo que

no puedo hacer en ella, que es á decir misa y á comer, revocando el ánimo que había hecho de salir á recibir al Provincial, á vista del rigor del tiempo, que de quince días á esta parte no puede estar más furioso de nieve, heladas y aires frigidísimos, que parecen afilados en la Laponia. Al fin, veremos qué nos dicen las cartas del próximo correo, aunque ya tengo hecho casi el ánimo de que no llegarán, por ser experiencia constante que cuando más las deseo, entonces es cuando puntualmente se detienen ó se extravían. Eso más tendrá que hacer la resignación, y se le añadirá de mérito al dolor todo lo que se le añadire de cuidado.

No te puedo ponderar las expresiones que me ha hecho tu tío y mi prelado el Padre Osorio. Parece que me está convidando con todas sus facultades para que use de ellas á mi arbitrio, y estoy persuadido á que sentirá mucho que no las disfrute. Pero este sentimiento es el que yo no le podré excusar; porque, estimándole mucho como debo sus finezas, y creyendo que le nacen muy de corazón, no veo por ahora en qué puedo aprovecharme de ellas. Estoy donde más gusto vivo con el descanso con que nunca he vivido, trabajando más de lo que jamás he trabajado: el único consuelo que apetezco en esta vida, le lograré cuando Dios fuere servido; y si no le lograre hasta la otra, tendré el mérito de la paciencia y la satisfacción del dolor, pues en las circunstancias presentes sólo me serviría para acortarme la vida, ó acortársela á otro, que importa más que la mía; con que no descubro cosa en que pueda valerme de la bizarría de mi jefe; pero esto nada disminuye mi estimación y mi sumo reconocimiento. Basta de conversación; porque si estás constipada, también fatiga el leer; si es otra cosa peor, te fatigará mucho más. Á Dios, que te me guarde cuánto quiero.—Tu amante hermano y padrino, José Francisco de su María Francisca.—Jitana mía.

Santiago de
Compostela
(Galicia) 1734–
1808

Primeira muller
escritora e
recoñecida pola
intelectualidade
da época (A
Ilustración).

Nacida nunha familia intelectual e culta – seu pai era Rexedor de Santiago–. Desde moi nova participa de tertulias de conventos e familias fidalgas coñecendo escritores cos que manterá amizade ao longo da vida.

Muller nova, vivaz, curiosa e apaixonada, foi coñecendo en veladas á intelectualidade do momento; prelados, catedráticos, poetas, xuristas, estudosos das ciencias, da filosofía, da oratoria...

A súa sona de “*Perla Negra*” e “*Musa Compostelá*” chega ata Porto onde a Academia das Boas Letras lle envía a proposta do seu nomeamento como académica.

No periódico “*Mercurio*” (1773) pode lerse un artigo dedicado a ela no que se sinala que é quen de ditar a un tempo doce cartas sobre asuntos diversos e en todas mostra coordinación nos pensamentos , ao tempo que respondía ás preguntas formuladas polas once testemuñas do feito. Pódese entender o efecto que causaba tales habelencias e a sona de muller lista e de vivo enxeño. E defínese o caso como “raro na historia xunto con César, Voltaire e outras robustas e poderosas capacidades mentais”.

Francisca de Isla non se arredou ante prexuízos de sexo e pese a ser recoñecida pola intelectualidade da época, nela concorren unha serie de fenómenos propios da literatura feminina, como son as constantes socio-literarias e a problemática vivencia da autoría. De tal xeito que se presenta como símbolo do

prexuízo intelectual antifeminista, que non asume a dimensión pública da súa produción e isto vai suporlle a fuxida do rol de escritora. Así levará á práctica a maneira de pasar desapercibida como autora: Antes de morrer destruíu a maior parte dos seus escritos, pero no arquivo da Real Academia da Historia consérvase unha única poesía que se gardaba entre os papeis de Cornide Saavedra. É un texto irónico dedicado a Cernadas de Castro -cura de Fruime, nada que ver cos versos que recollemos a seguir, e no que agradece publicamente a súa atención:

No puedes deber gracia / a mi cariño /pues todo el que te tengo / te es muy debido.

Pese a ser muller de recoñecida solvencia intelectual, famosa no seu tempo pola súa sabedoría e capacidade intelectual, é, ao tempo, consciente da súa excepcionalidade social. A súa auto-negación como escritora é un rasgo psico-sociolóxico moi repetido polas escritoras, sobre todo no s.XIX e aínda no s. XX.

Pola súa banda, Antonio Cernadas de Castro compón o poema no que mostra a súa admiración pola “Musa Compostelá”

Si la memoria me ocupas, Si la voluntad me enciendes, ¿no me dexarás siquiera el entendimiento indemne?	Física te Cartesianes, Lógica te Aristóteles: Que mis opiniones notes, Que mis inepticias no apruebes, Que mis discursos
---	--

<p>Pues en verdad que de modo Confundido me lo tienes De ver como obras conmigo, Que no sé como entenderte.</p> <p>Que tú mi sentencia impugnes Y porque la tuya esfuerces,</p>	<p>corrijas, Y que mis versos enmiendes.</p> <p>Está bien, Filis discreta, Pues viene á ser evidente Prueba de lo que me estimas La piedad de que me enseñes</p>
---	--

O século XIX: A 2ª Revolución Industrial proporciona a Gran Bretaña unha grande prosperidade e será o centro económico e capitalista do mundo, converténdose na primeira potencia mundial.

Independízanse as colonias de América e nacen diversas repúblicas.

En España, as zonas máis industrializadas son o País Vasco e Cataluña, cunha moderna industria téxtil a base de teares automáticos.

Iníciase reformas urbanísticas: creación de avenidas e barrios periféricos; instálase o alumeadado público con farois de gas; aparecen os transportes públicos (tranvías tirados por cabalos) e as rúas empédranse.

Aparecen os periódicos, que se lían e comentaban nas tertulias dos cafés.

O teatro, o circo e os bailes eran as maiores diversións.

En 1869 asínase a primeira Constitución democrática do noso país e que presenta aspectos novidosos:

- Proclámase a Soberanía nacional popular, cos tres poderes Independententes.

- Establécese, por primeira vez, o Sufraxio Universal **masculino**.

- Proclámase a Monarquía constitucional.

- Amplíanse os dereitos individuais e acéptanse dereitos sociais –como o de reunión e asociación, esencial para os movementos obreiros.

En 1874, o golpe de estado de Martínez Campos proclama a volta dos Borbóns cun novo rei, Afonso, fillo de Isabel, e iníciase o período da *Restauración*

O século XX caracterizarase polos avances tecnolóxicos, a medicina e a ciencia.

Supón a fin da escravitude, a liberación da muller pero tamén se padecen as dúas Guerras Mundiais; o xenocidio e etnocidio, as políticas de exclusión social e a xeneralización do desemprego e pobreza. En consecuencia, afondouse nas desigualdades sociais, económicas e tecnolóxicas e a distribución da riqueza entre os países, e as grandes diferenzas na calidade de vida dos habitantes das distintas rexións do mundo.

Walter Isaacson, director xerente da revista *Time*, ao facer balance desta centuria, declarou: *“Foi un dos séculos máis sorprendentes: inspirador, espantoso ás veces, fascinante sempre”*.

Segundo Gro Harlem Brundtland, ex primeira ministra de Noruega, tamén o denomina como *“século dos extremismos, [...] no que os vicios humanos acadaron niveis abismais”*. Na súa opinión, trátase *“dun século de grandes progresos [e, nalgures,] crecemento económico sen precedentes”*, se ben as zonas urbanas míseras afrontaron un lúgubre panorama de *“superpoboación e enfermidades xeneralizadas vinculadas á pobreza e ao ambiente insalubre”*.

O s. XX supón un gran avance en tecnoloxía e descubrimentos:

- Chegada da electricidade ás cidades.
- Creación e desenvolvemento da electrónica: a Radio, a televisión, o teléfono, o fax, o transistor, os circuítos integrados, o láser, as computadoras e Internet.
- Creación das armas nucleares

- A conquista do espazo: Voo espacial e alunizaxe 1969
- Desenvolvemento de electrodomésticos: lavadora, frigorífico, forno eléctrico e microondas, cociñas eléctricas, aire acondicionado...
- Auga corrente nas casas (do primeiro mundo)
- Extensión da rede de sumidoiros das cidades.
- Enunciación da Teoría da relatividade e do modelo cosmolóxico do Big Bang
- Desenvolvemento da mecánica cuántica e da física de partículas
- Descuberta dos antibióticos, os anticonceptivos, o transplante de órganos e a clonación.
- Descrición da estrutura química do ADN e desenvolvemento da bioloxía molecular.
- Creación e desenvolvemento das videoconsolas (1972)

A muller contemporánea

No libro *A orixe da familia* (1884), Engels relata a historia da muller como dependente da técnica: A aparición da propiedade privada converte ao home en propietario da muller. Daquela, na familia, tanto o proletariado coma as mulleres se converten en dúas clases oprimidas. As mulleres da clase baixa traballan en quendas de 16 h. e debían seguir levando o fogar, e as de clase media e alta quedaban atrapadas nunha gaiola de ouro. Isto explica a proliferación da clorose -anemia- entre mulleres da segunda metade do s. XIX, froito dos encerros no fogar e a falta de perspectivas vitais.

A 2ª Revolución Industrial provoca unha clara aceleración do movemento feminista nos países máis

desenvolvidos no último terzo do s. XIX. Na Gran Bretaña, a principios de século, o 70.8% das mulleres solteiras, tiñan un traballo remunerado. A "carreira do matrimonio" rexistraba un certo retroceso para moitas mulleres, non só como proxecto de vida, senón tamén como opción económica. A incorporación da muller ao traballo durante a Primeira Guerra Mundial para substituír aos homes que marcharan ao fronte. Daquela a consciencia do seu valor social alenta as súas demandas do dereito de sufraxio.

Os principais obxectivos do movemento feminista foron: o dereito de voto, a mellora da educación, a capacitación profesional e a apertura de novos horizontes laborais, a equiparación de sexos na familia como medio de evitar a subordinación da muller e a dobre moral sexual.. Todos os movementos estiveron dirixidos por mulleres burguesas pero aínda que os seus plantexamentos eran interclasistas, as súas ideas non penetraron nos ambientes obreiros.

A *Constitución* republicana (1931) non só concedeu o sufraxio ás mulleres, senón que:

Artigo 23

“Non poderán ser fundamento de privilexio xurídico: a natureza, a filiación, o sexo, a clase social, a riqueza, as ideas políticas, nin as crenzas relixiosas.”

Artigo 36

“Os cidadáns dun e outro sexo, maiores de vinte e tres anos, terán os mesmos dereitos electorais conforme determinen as leis.”

O réxime republicano estaba poñendo a España no

terreo legal á altura dos países máis evolucionados no que á igualdade entre homes e mulleres se refire. Sen embargo, neste aspecto coma en tantos outros, a guerra civil e a ditadura de Franco deron ao traste con todo o conseguido, devolvendo á muller a unha situación de dominación no marco dunha España franquista impregnada de valores tradicionais e reaccionarios.

A loita ideolóxica pola igualdade

Os homes mostran diferentes actitudes respecto das novas reivindicacións da muller:

Pierre-Joseph Proudhon (1809-1864), afirmaba que se unha muller era igual ao home, significaría “*o fin da institución do matrimonio, a morte do amor e a ruína da raza humana*”. O lugar ideal para a muller era o fogar e “*non hai outra alternativa para as mulleres que a de ser amas de casa ou prostitutas*”

En si mesma, a muller, non é coma o home, un ser completo; é só o instrumento da reprodución, a destinada a perpetuar a especie; mentres que o home é o encargado de facela progresar, o xerador da intelixencia, (...) creador do mundo social.”

Pompeu Gener
1889

Pola contra escóitanse voces femininas máis ou menos contundentes:

“A vós, obreiros que sodes as vítimas da desigualdade, a vós tócvos establecer a igualdade absoluta entre a

muller e o home. Dade un gran exemplo ao mundo (...) e mentres reclamades a xustiza para vós, demostrade que sodes xustos, equitativos; proclamade, vós, os homes fortes, os homes de brazos nus, que recoñecedes á muller coma a vosa igual, e que, a este título, lle recoñecedes un dereito igual”.

Flora Tristán (pioneira do feminismo socialista)
La Unión Obrera, 1843

“A muller é un ser libre e intelixente, e como tal, responsable dos seus actos, o mesmo có home; pois, se isto é así, o necesario é poñela en condicións de liberdade para que se desenvolva segundo as súas facultades. Agora ben, se relegamos exclusivamente á muller ás funcións domésticas, é sometela, como ata aquí, á dependencia do home, e, polo tanto, tirarlle a súa liberdade. Que medio hai para poñer á muller en condicións de liberdade? Non hai outro máis có traballo”.

Congreso de la Federación Regional Española de la AIT

Zaragoza (1872)

“Tenos sen coidado as vosas leis, cabaleiros, nós situamos a liberdade e a dignidade da muller por riba de todas esas consideracións, e imos continuar esa guerra (...) non seremos responsables da propiedade que sacrificuemos, ou do prexuízo que a propiedade sufra como resultado. De todo será culpable o Goberno que, pese a admitir que as nosas peticións son xustas, négase a satisfacelas”

Emmeline Pankhurst

“A muller da nova sociedade será plenamente

independente no social e no económico, non estará sometida o máis mínimo a ninguna dominación nin explotación, enfrontarase ao home como persoa libre, igual e dona do seu destino”.

August Bebel
A muller e o socialismo
1879

As mulleres e os homes somos diferentes, e temos capacidades e necesidades distintas. Pero ser diferente non quiere dicir ser inferior, nin sequera cando se é máis feble e vulnerable.

Amandine Aurore Lucile Dupin *George Sand*



París (1804)– Nohant
(1876)

Escritora ponte entre
o Romantismo e o
realismo pero por
efecto dunha
mentalidade
machista, pasa a
historia como
“*mantis relixiosa*”
dos seus sonados
amantes.

Nace no seo dunha familia de clase media , casa no 1822 co Barón Dudevant, con quen tivo dous fillos, sepárase del establécese en París. Tralo seu divorcio, en plena xuventude, foi contra os prexuizos da época. Daquela usará un nome masculinizante, vestirase de home, con levita e chistera, para evidenciar que só poñéndose no sitio do home e ocupando o seu posto, unha muller lograría a culminación dos seus dereitos

e posibilidades. Chegando así a auto-realizarse, a ser ela mesma.

Esta práctica excepcional para o século XIX, onde os códigos sociais, especialmente das clases máis altas, eran de gran importancia. supuxéronlle a perda dalgúns dos privilexios obtidos como baronesa.

As súas relacións amorosas máis famosas foron con homes máis novos ca ela: Alfred de Musset, poeta e novelista romántico francés e o compositor polaco Frédéric Chopin, aos que abandonará. Esta actitude era infrecuente na época e por iso será coñecida na posteridade. Esta muller, *George Sand*, aparécesenos como unha muller forte que sabe e elixe o seu destino.

No último terzo do s. XIX, entra no camiño do socialismo e interese político polos problemas sociais ao relacionárselle con Pierre Leroux (fundador do socialismo francés).

Aurora Dupin, *George Sand*, foi unha muller que quixo ser ela por riba de todo, libre e plenamente. Quixo ser escritora e foino, pero a por razóns sociais dela quedou a lenda dun personaxe que aínda se rememora en Francia – muller que asolaba a caveira dos seus amantes–, non a creadora.

Concepción Arenal



Ferrol (Galicia)
1820–1893

Destacada jurista e militante a prol dos dereitos das mulleres.

Con ela nace o feminismo en España.

Será a primeira universitaria de España –estudou na Facultade de Dereito na Universidade de Madrid–, aínda que só sería oínte clandestina, ocasional, pseudo alumna virtual travestida de estudante, sen capacidade de examinarse ou lograr título, posto que á muller lle estaba vetado asistir daquela ás clases universitarias.

Tamén vestida de home, participará nas tertulias políticas e literarias loitando así contra o establecido para a condición feminina.

No 1859 funda o grupo feminino das Conferencias de San Vicente de Paúl para axudar aos pobres. E no 1860 escribe *La beneficencia, la filantropía y la*

caridad que máis tarde gañará o concurso da Academia de Ciencias Morais e Políticas, polo que se converterá na primeira muller premiada pola Academia.

En 1863 recibe o cargo de Visitadora de Cárceres de Mulleres –que ostentou ata 1865– e en 1868 é nomeada Inspectora de Casas de Corrección de Mulleres

Ela, xunto con Emilia Pardo Bazán, reclama reformas legais, dereitos sociais e políticos, mellora e promoción das mulleres e o acceso xeral á educación. Boa parte da súa obra está dedicada á defensa dos dereitos da muller nos que se implicou para cambiar a tradicional marxinación do sexo feminino.

Entre as súas obras destacadas atopamos La mujer del porvenir, La educación en la mujer, El trabajo de las mujeres o El estado actual de la mujer en España.

Fragmentos do seu pensamento


“É monstrosa a lei civil e a lei criminal; a unha dinos: “es un ser imperfecto ;non te podo conceder dereitos”. A outra:”Considérote igual ao home e impóñote os mesmos deberes; se faltas a estes, incorrerás en idéntica pena”.

“Todos os homes teñen aptitude para toda clase de profesións? Supoñemos que non haberá ninguén que responda afirmativamente. Algunhas mulleres teñen aptitude para algunhas

profesións? A resposta non pode ser negativa. O home máis inepto é superior á muller máis intelixente? Quen se atreve a contestar que si?”

“ (...) Para a sociedade son funestas as consecuencias da súa incapacidade intelectual e a imposibilidade de exercer ningunha profesión e a maior parte dos oficios. (...). Defendemos o que se chama emancipación da muller? Non está moi ben definido o que con estas palabras se quere dar a entender, e nós desexamos consignar con claridade o noso pensamento. Queremos para a muller todos os dereitos civís

Pepa a Loba



A Estrada ou
Amoedo (Galicia)
1835-¿?

Muller que rompe o
tópico da debilidade.
Mito? Realidade?

Pepa a Loba, coetánea de Isabel II, era unha muller atractiva, intelixente, apaixonada pero implacable: aos violadores, aos que abusaban dos pobres, dos nenos e nenas, quitáballes a vida sen remorsos, cumprindo co seu deber. A súa crueldade mesturábaa coa xenerosidade e ecuanimidade cos seus.

Dela deu noticia Concepción Arenal. Foi unha figura cuxo recordo perdura pero que se ía perder co paso das xeracións.

Pepa nace nun ambiente rural e é alí onde transcorre a súa infancia e presenza un feito que a marcará durante toda a súa vida: súa nai, “*A Falucha*”, é violada e cando dea a luz, nove meses morren a criatura e a nai.

Pasa, entón a facerse cargo dela a súa tía Dorinda, que a obriga a mendigar nas feiras e mercados ademais de traballar no campo coidando ovellas e cabras. Será nesta cando se gañe o alcume de “*Pepa a Loba*“. Seu can matara un lobo e a súa tía obrigouna a ir polos portais das casas exhibindo o lobo morto.

Dorinda lévaa servir á casa dun tendeiro coa esperanza de que se converta na súa amante e conseguir algún pago máis. Sen embargo, o tendeiro adóptaa como filla, ocúpase da súa formación e noméaa como herdeira dos seus bens.

Ao pouco este aparece asasinado e Pepa foi acusada dos feito. Tras o xuízo é encarcerada e condenada a cadea perpetua.

Pero o crime non o cometera ela senón o irmán do morto –pai biolóxico de Pepa, e violador da nai–.

Tras fuxir do cárcere, só teima na vinganza: matar ao seu presunto pai. E conséguelo. A partir de entón forma un grupo de bandoleiros que teñen atemorizados aos que abusan da súa posición de privilexio social.

Pepa la Loba, é o prototipo de bandida fera e sanguinaria cos ricos e xenerosa cos pobres. Non sabemos se é mitoloxía popular galega que nola presenta como un ideal de comportamento para afondar no drama que tal vez nunca foi.

A literatura popular, nun cantar de cego, recolle a súa historia, o que explica a sona que tiña no s. XIX:

Hombres mujeres y niños	(...)No pasara mucho tiempo
-------------------------	-----------------------------

prestad oído y memoria a las palabras de un ciego que os va a contar una historia.

En el siglo diecinueve andando el segundo tercio nació una mujer valiente en las tierras de Moedo.

(...)era hija de soltera Pepita era su nombre sin apellido y sin honra y tendría en el futuro un mote: Pepa la Loba.

Cuando era pequeña conoció hambre y miseria y vio como violaban a su madre con violencia.

Como fruto de aquel día su madre murió en el parto (...)Al cuidado de Dorinda tía materna de Pepa

pide limosna y soldada y es pastora de ovejas. Sale un día para el monte va con su perro Luero

cuando ve llegar al lobo que acechaba en un otero. Como no conoce el miedo se le enfrentan ella y Luero

y después de una reyerta el lobo mató a su perro. Y su tía aprovechando la fama de aquella hazaña

manda a Pepita y al lobo por los valles y montaña.. (...)Alabada por mayores perseguida por los niños decían que era una Loba

apodo que ya dijimos. Siendo Pepa ya una joven agraciada y muy hermosa pronto la emplea su tía

cuando el viejo apareció con un puñal en el pecho clavado hasta que murió.

Sospechosos de aquel crimen a los dos mozos prendieron. (...) a la Pepa condenaron.

Condenada a la perpetua conoce impotencia y rabia y sin haberlo querido nació en ella la venganza.

Resuelta un día mató (...) Desde entonces convertida

en fiera desvergonzada al frente de una cuadrilla libró mil y una batallas.

Fue buscada y perseguida por la gente y la justicia por el monte fue a parar a otras tierras de Galicia.

En las estepas gallegas ejerció de bandolera asaltante de caminos

y de mujer ruda y fiera. Aún recuerdan los más viejos de Pepa la Loba andanzas

por Germade y por Cospeito por Muras y Santaballa. Cometió robos y crímenes

vivió en el monte escondida hasta que un día quedó su banda disminuida.

Todos fueron perseguidos por tanta vida agitada lasos al hogar volvieron a entregarse a la labranza.

Pepa vivió con un hombre que por marido trataba en una casa en Roupar

que está cerca de Villalba. Allí moriría un día en la abejera instalada

<p>en una tienda de ropa. (...) quiere que sea Pepita pretendida por su dueño para sacarle partida. Mas el dueño de la tienda ningún interés mostraba él apreciaba a la joven y como hija la trataba como era hermano del padre y tío de la muchacha la reconoció como hija y le dio su herencia y paga.</p>	<p>viuda y cuidando a un hijo y no se supo más nada. El cuento que aquí se cuenta en este libro artillado ni es verdad ni es mentira y tal vez nunca ha pasado. Pepa la Loba es un mito que ha vivido mil hazañas defendiendo a las mujeres como ella maltratadas. Atentos pues mis señores atentas todas las damas al relato de esta pieza que les trae sus enseñanzas.</p>
--	---

Conclusión: Ao ler isto moita xente pensara que esta persoa non era mais ca unha delincuenta, pero, se o pensamos mellor, todo isto non ocorrería se non se considerase á muller como botín do home. É dicir se os homes non pensaran que as mulleres eran simples varóns deformes que só servían para ter fillos, coidalos, limpar a casa e satisfacelos.

Camille Claudel



Aisne (Francia)
1864–1943)

Escultora pero as súas obras foron secuestradas polo seu mestre e amante Rodin, ocupando un posto nos museos que lle correspondía a ela.

Filla de Paul Dubois, director da Academia Superior de Belas Artes de Paris, comeza a modelar esculturas entre os 12 e 15 anos pero, como as mulleres non podían ingresar na escola de Belas Artes, fíxose alumna de Auguste Rodin en 1883, cando contaba con 19 anos.

En 1886 Rodin asina un contrato no que se comprometía a sostela como artista e casar con ela. Empeza así unha etapa de colaboración na que ela se converte en modelo e mestra. Rodin

recoñece a superioridade artística da súa discípula.

Mentres a fama de Rodin aumenta, Camille queda agachada no taller e as súas obras serán o reflexo dos seus tormentos persoais.

A disconformidade e o sentimento de abandono condúcena a continuas protestas e a experimentar violentas tensións. A escasa autoestima da artista é aproveitada polo escultor para botala do estudio.

Camille séntese devastada polas continuas crises nerviosas que se van agravando e, soa no seu taller, decide destruír gran parte da súa obra.

Vivindo na miseria, illada, incomprendida, abandonada por todos os membros da familia, a excepción do seu pai, que a apoia, inaugura a súa última exposición en Decembro de 1912. Pero cando este morre en 1913, a súa nai xunto co seu irmán Paul Claudel -poeta, dramaturgo e diplomático francés- deciden internala nun sanatorio psiquiátrico do que, a pesar de recuperar a súa condición mental, nunca sairá.

Pasará internada trinta anos (!!!), ata a súa morte en 1943.

A súa familia nunca a foi ver e prohibiu que se lle realizasen visitas. Sería enterrada nunha tumba sen nome.

Camille Claudel foi unha xenialidade non recoñecida e distorsionada que revela a una artista de fin de século que sufriu a ditadura da cultura dominante misóxina e androcéntrica.

Haberá que esperar a 1970 para que a súa vida e obra empezase a ser recoñecida grazas ao labor de artistas e historiadoras de arte feminista.

M^a de la O Lejárraga



San Millán da Cogolla
(Burgos) 1874 – 1974

Ensaísta, feminista,
socialista e deputada
durante a República.

Nacida nunha familia acomodada, recibiu unha educación que lle permitiu exercer de mestra. Pero as súas inquietudes literarias chocaban coa sociedade na que creceu, pechada ás mulleres.

En 1900 casou con Gregorio Martínez Sierra, escritor máis novo ca ela e entón publicou as súas obras de teatro baixo o nome del. Daquela, aínda que o mérito fose para el, Lejárraga logrou divulgar a súa obra sen o prexuízo de que unha muller escribise.

Sen embargo rumoreábase a verdadeira autoría dos escritos.

Cos anos Martínez Sierra e Lejárraga admitírono publicamente, especialmente no exilio polo auxe do franquismo.

Dedicouse ao activismo feminista –por convicción– entre 1926 e 1936 co obxectivo de promocionar a educación da muller da clase media. Sen embargo, é ela quen escribe algunhas das súas obras baixo o pseudónimo do seu marido, Gregorio Martínez Sierra, a pesar de que el lle era infiel coa actriz cubana Catalina Bárcena.

Martínez Sierra era incapaz de escribir absolutamente nada e nas cartas conservadas lese o apremo, coacción e mesmo autoritarismo co que se dirixe á María para que redacte comedias, colaboracións, traducións,...: *“Unha atrocidade de bicos e apertas. Traballa todo o que podas (...) espero con impaciencia o terceiro acto de Torre de marfil, pero non estou preocupado, porque estou certo de que será bo. Estás traballando verdadeiramente ben; todo o que fixeches ultimamente posúe vitalidade, interese, sostendo un gran engado que é o máis importante”*.

Daquela foi vítima da traizón e abandono pero non deixou de estar sempre sometida a el, nun auténtico estado de explotación, todo por amor.

Elixida deputada en 1933 por Granada e aproveitou o posto para loitar contra a inxustiza e a favor da igualdade: "*Cómpre, se se quere liberar ao pobo, líbralo da escravitude da fame e do terror.*"

Pese a que nunca quixo recoñecer que ela foi a única autora das obras – aínda que en todas se descobre o mesmo estilo–, trala morte do marido precisa establecer a autoría das obras anteriores, para cobrar os dereitos de autor e volve escribir, agora co seu nome. "*Agora, anciá e viúva, véxome obrigada a proclamar a miña maternidade para cobrar os meus dereitos de autora. A vellez, por moito lume interior que conserve, está obrigada a renunciar aos seus romanticismos, hase seguir vivindo, aínda que sexa por pouco tempo*".

A Guerra Civil obrigouna a un penoso exilio e morreu na Arxentina en 1974.

"As mulleres socialistas debemos aprender, aprender sobre todo unha materia única: a solidariedade humana".

Aurora Rodríguez



Ferrol (Galicia)
1879- 1955
Feminista “teórica”
pero muller que
odiaba a súa
condición de
muller ao afirmar:
*“A muller é, por
doloroso que
resulte confesalo,
o peor da especie
humana”*

Mata á súa filla sen
se arrepentir: *‘Tres
cousas hai na
terra que
significan trunfar
na vida: crear,
loitar e matar’*.

Aurora Rodríguez Carballeira pertence a una familia acomodada, liberal, atea e embebida na teoría do socialismo utópico, foi unha adiantada ao seu tempo. A lectura abriulle os ollos a un mundo socialista e romántico que soñaba coa transformación social.

Muller corpulenta e brusca decide elaborar o seu plan megalomaniáco: enxendrar, criar e

educar a unha nena para ser a nova Mesías e salvar á humanidade dunha educación represiva, sobre todo ás mulleres sometidas polo xugo dos homes. Así de convencida estaba da eficacia absoluta do seu método pedagóxico.

Aínda que se definía como asexual e desprezaba tanto o corpo masculino coma o feminino, buscou un “semental” co único obxecto de reproducirse. Durante o embarazo someteuse a unha dieta rigorosa e un control total sobre o feto (ao longo da noite, espertaba cada hora para cambiar de posición e non afectar o desenvolvemento da criatura). O seu proxecto chamaríase Hildegart (“xardín da sabedoría” en alemán) e ela sería a que puxese fin ao modelo de muller sen horizontes. Aurora sempre mirou á filla coma “*a súa obra*” polo que lle roubou a infancia, programoulle a vida e cultivou a súa mente ata o extremo: aos tres anos sabía ler; aos dez falaba seis idiomas; aos trece remata o Bacharelato; aos catorce ingresa nas Xuventudes do Partido Socialista e aos dezasete licénciase en Dereito e comeza Medicina.

En pouco tempo converteuse nunha das figuras da República, oradora vehemente e ideóloga do socialismo e a liberación sexual da muller. Pero este espírito libertario contrasta coa relación claustrofóbica que mantiña coa súa nai: sempre ían xuntas, vestidas de negro e sen amizades masculinas.

Pero entón, algo cambiou. Hildegart namorouse e, consciente de que pese a ser brillante, non era agraciada, empezou a coidarse, a adelgazar, a maquillarse, a vestirse mellor, a arelar a súa independencia e liberdade opoñendo resistencia, por primeira vez, á posesividade e declarando a súa intención de vivir pola súa conta. Aurora sentiuse ameazada polos cambios, sente que o seu soño se esfuma e esíxelle abandonar de inmediato.

Nos últimos días tívoa secuestrada impedíndolle comunicarse co exterior –cortou o teléfono, prohibiulle recibir correspondencia– e deixoulle claro que se convertera nun “*enxendro vulgar*” lonxe do obxectivo polo que tan duramente traballara. Hildegart entrou nunha espiral depresiva, e parece ser que suplicou á nai que a matase.

No seu último artigo, Hildegart escribiu ‘*Non pode pensar en liberar a ninguén quen non empezou por liberarse a si mesmo*’.

Na mañá do 9 de xuño de 1933, Aurora leva unha arma e dispara catro tiros á súa filla mentres durmía. Fixo o que quería e, ao igual ca un escultor que descobre unha imperfección na súa obra, destrúea. Aos pés do cadáver escribe: “*Suprimir unha obra sublime cun acto sublime, xa que calquera nai é quen de parir, pero non de matar aos fillos. A facultade de dar a vida leva implícita a de quitala, pero require gran valor*”.

Tras escoitar a súa condena, Aurora Rodríguez celebrou ser recoñecida na lucidez dos seus

actos e cando lle preguntaron por que o fixera, respondía: "*Porque era tan fermosa*".

Non se arrepentira, volveríao facer. E no xuízo declarou que a morte se producira de **común acordo**.

Condenárona a 26 anos, oito meses e un día **de prisión**. Aos dous anos desapareceu e todos pensaron que fuxira pero Aurora ingresara no hospital psiquiátrico de Ciempozuelos onde morreu soa.

Ficha policial

NOMBRE. Aurora Rodríguez Carballeira.

LUGAR DE LOS HECHOS. Madrid.

AÑO DEL CRIMEN. 1933.

DELITO. Matar a su hija.

MÓVIL. El temor a que su hija se independizara y se apartara de su proyecto vital.

MODUS OPERANDI. Le disparó cuatro tiros.

SENTENCIA. 26 años, ocho meses y un día de prisión.

CURIOSIDADES. Hildegart fue alumna aventajada de Julián Besteiro, amiga del novelista H. G. Wells y secretaria de la Liga para la Reforma Sexual, que presidía Gregorio Marañón.

